

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|------------------------|---------------|
| 15022590 | CEIP de Roxos | Santiago de Compostela | 2024/2025 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro | 3 |
| b) A contribución á adquisición das competencias clave | 4 |
| c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais | 7 |
| d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía | 8 |
| e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos | 9 |
| f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso | 11 |
| g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias | 11 |
| h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso | 12 |
| i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso | 12 |
| j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación | 14 |
| k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso | 15 |
| l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas | 16 |
| m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas | 20 |
| n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular | 21 |
| o) Outros apartados | 21 |

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

1. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
3. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
4. Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
5. Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
6. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
7. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, no movemento, o xesto e o ritmo.
8. Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
9. Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática, vinculado á realidade do noso centro.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor, refrendado nas propostas dinamizadas nas nosas programacións.
3. Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan, para o que se concretarán no Plan de Convivencia actuacións específicas.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
5. Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
6. Adquirir a competencia comunicativa básica na lingua inglesa, que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
8. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a

xeografía, a historia e a cultura, incluídas nas nosas programacións didácticas.

9. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran, seguindo as pautas establecidas no Plan Dixital do centro.

10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

11. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación saudable como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

12. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

14. Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico, así como a práctica habitual de actividade física e deportiva.

15. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Debemos ter en conta que as Competencias Clave non son independentes unhas doutras e que algúns elementos delas se complementan. O desenvolvemento e o emprego de cada unha delas require á súa vez das demais.

As competencias requiren unha aprendizaxe significativa, vinculada a un determinado contexto e a unhas determinadas tarefas que o alumnado terá que resolver coa posta en práctica de coñecementos, destrezas e actitudes.

Para contribuír a adquisición destas competencias clave por parte do alumnado debemos incidir en estratexias metodolóxicas xerais que permitan poñer en xogo estas na aula. Así, o profesorado coidará:

- A planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.
- Debe ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo. O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.
- A secuenciación a ensinanza de tal xeito que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outras máis complexas.
- A adxudicación ao alumnado un papel activo e autónomo, onde sexa consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
- Posta en práctica metodoloxías activas e aprendizaxe cooperativa.
- Na procura dun proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial seguiranse estratexias interactivas, permitindo compartir e construír coñecemento e dinamizar as sesións mediante o

intercambio verbal e colectivo de ideas, a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseado na resolución de problemas.

- Resulta recomendable o uso do portfolio, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. Potencia a autonomía do alumnado e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

- Potenciarase o uso de variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Así mesmo tendo en conta a importancia da lectura na adquisición de competencias e co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, está planificado un tempo diario (de 12,30h a 12:50h) de lectura e práctica da oratoria.

Orientacións metodolóxicas específicas a ter en conta para a adquisición das diferentes competencias clave:

CCL: competencia en comunicación lingüística.

Para favorecer a mellora en comunicación lingüística debemos deseñar propostas e crear espazos onde o alumnado:

- Exprese feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participe en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais. Para isto deberase por ao seu alcance textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo.

- Dispoña de oportunidades de presentar propostas de tratamento da información, para o cal localizar, seleccionar e contrastar, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

- Teña ao seu alcance lecturas de obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses.

- Debe dispor de espazos de debate, de resolución de conflitos onde o alumnado poña as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, e detecte os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz, senón tamén ética, dos diferentes sistemas de comunicación.

CP: competencia plurilingüe.

Para favorecer a mellora na competencia plurilingüe debemos proporcionar un entorno onde se empreguen as distintas linguas de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación.

Farase especial fincapé no coñecemento, uso e respecto da lingua propia de Galicia, recoñecendo a súa validez para calquera faceta do coñecemento, valorando e respectando a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

Co fin de mellorar nesta competencia debemos deseñar propostas nas que o alumnado teña que:

- Utilizar, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e seleccionar e empregar algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas.
- Utilizar o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.
 - Realizar, de forma guiada, proxectos procurando a participación de todo o grupo e resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir.
 - Resolver problemas a través de métodos científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.
 - Participar en accións fundamentadas científicamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.

CD: competencia dixital.

Co fin de mellorar nesta competencia debemos deseñar situacións de aprendizaxe nas que o alumnado teña que:

- Realizar procuras guiadas na internet e facer uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos.
- Crear e reelaborar contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.
 - Participar en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais para construír novo coñecemento, comunicarse, traballar cooperativamente e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.
 - Resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa dando solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, programación informática por bloques, robótica educativa...)

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Co fin de mellorar nesta competencia debemos deseñar propostas nas que o alumnado teña que:

- Participar activamente no traballo en grupo, asumindo as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
 - Propostas nas que se poña nome ás propias emocións e se faciliten e se reflexione sobre estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito.
 - Participar nos procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento propio.

CC: competencia cidadá.

Co fin de mellorar nesta competencia debemos facilitar a vivencia de experiencias que susciten a definición de condutas sociais construtivas en detrimento do caos e da conflitividade. A propostas deben facilitar que o alumnado:

- Entenda os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e

cultura, reflexione sobre as normas de convivencia e as aplique de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto.

- Participe en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos demo-cráticos, os principios e valores da Unión Europea e a Constitución española, os dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade e o logro da igualdade de xénero, a cohesión social e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.

- Reflexione e dialogue sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.

- Comprenda as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global.

CE: competencia emprendedora.

Para favorecer a mellora en competencia emprendedora debemos crear espazos onde o alumnado poida propoñer ideas e solucións orixinais, planificar tarefas, cooperar con outros en equipo, valorar o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

Co fin de que o alumnado teña unha actitude crítica, positiva e respectuosa ante as diferentes manifestacións culturais e artísticas que existen debemos posibilitarlles poder analizar, gozar e decidir sobre as diferentes propostas culturais, de xeito que poidan:

- Expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e desenvolvendo as súas capacidades afectivas.

- Experimentar de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a nosa comunidade autónoma, os elementos que se traballarán de forma transversal na Educación Primaria son:

- A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

- A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

- Educación emocional e en valores.

- Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito e o rexeitamento de calquera tipo de violencia,

- Evitar os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo,

empregarase unha linguaxe libre de prexuizos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

- Fomentar medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito e a iniciativa emprendedores a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Dende o noso centro, os criterios para incorporar estes elementos son os seguintes:

- O tratamento destes elementos en todas as áreas, de forma interdisciplinar.
- Os temas transversais pretenderán unha educación integral da persoa nos seus diferentes ámbitos de personalidade.
 - Facilitarán que o currículo escolar se achegue á vida, ao medio ou entorno, introducíndose en problemáticas, realidades cotiás, etc, levando a cabo reflexións e compromisos activos.
 - Deben provocar cambios de conduta persoal e transformacións no entorno, cando proceda.
 - Deben estar implicados todos os membros da comunidade educativa para propiciar un cambio cualitativo
 - Será importante manter actitudes de reflexión persoal e analizar o currículo oculto.
 - Combinación de métodos e materiais.
 - Importancia da acción tutorial para o seu tratamento.
 - Globalizar a súa aprendizaxe.
 - A transversalidade como estratexia metodolóxica, pois lograrase unha perspectiva integrada dos coñecementos.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O noso modelo educativo desenvolve unha metodoloxía activa na que o alumnado é o protagonista na construción do seu propio coñecemento e no que o docente desenvolve un papel de guía, facilitador e acompañante no proceso de aprendizaxe fomentando a capacidade de sentir, pensar e crear.

Pretendemos que o noso alumnado:

- Investigue, xogue, descubra e se divirta.
 - Observe, experimente e tome decisións, xa que aprender é facer, reaccionar e vivir a acción.
 - Sexa autónomo, crítico e creativo.
 - Estea implicado e motivado, de xeito que o que vai a aprender se axuste ás súas posibilidades persoais, as súas experiencias previas e ás súas expectativas. O alumnado progresa máis seguro se ten a oportunidade de saber cal é súa situación no proceso de ensino aprendizaxe.
 - Parta das súas propias vivencias, intereses e necesidades logrando unha aprendizaxe significativa e funcional.
 - Realice aprendizaxes colaborativas, creando vínculos de comunicación entre iguais, proporcionando pautas que permitan confrontar diferentes puntos de vista, tomar decisións colectivas, superar as dificultades mediante o diálogo e a cooperación.
 - Se desenvolva nun clima de seguridade, confianza e afectividade para que exprese libremente e estableza lazos afectivos satisfactorios.
 - Comparta experiencias, sentíndose valorado polo grupo, adquirindo valores como a empatía, autoestima, actitude de escoita, responsabilidade, esforzo conxunto.
 - Respecte os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade partindo dun enfoque

inclusivo e competencial.

- Descubra e xestione as súas propias emocións, desenvolvendo liñas de habilidades sociais e relación cos demais, permitindo a comunicación e a resolución de problemas, tendo como eixe vertebrador o afecto, o respecto, a coherencia e o estímulo positivo.
- Entenda a toma de decisións como un proceso de aprendizaxe en si mesmo neste complexo mundo social dixital en continua evolución. Desenvolva as estratexias para saber decidir que información elixir e que aprender, utilizando as tecnoloxías dixitais como fontes para buscar, obter, e procesar información e transformala en coñecemento.
- Aprenda, represente, procese a información e comprenda o mundo en función das intelixencias múltiples, entendéndoas como un conxunto de capacidades e habilidades para resolver problemas ou crear produtos, dando resposta así á diversidade e proporcionando estímulos diversos que activen as diferentes formas de aprender.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os recursos didácticos son todos os materiais, lugares, persoas, accións ou situacións que son útiles para favorecer o proceso de aprendizaxe do alumnado e permiten un bo desenvolvemento da tarefa docente do profesorado. Por iso é preciso realizar unha selección e establecer uns criterios de uso no Proxecto Educativo e que estes sexan compartidos polo equipo docente. A selección de materiais e recursos didácticos atópase centralizada principalmente nos diferentes niveis. Estes, nas súas reunións, deciden, atendendo criterios pedagóxicos principalmente, que materiais e recursos van empregar na súa práctica docente. Procúrase atender os criterios de cantidade, calidade e simplicidade. Ademais préstase especial atención aos contidos, ás capacidades que promoven, ás competencias que se poñen en acción coa lectura e realización das actividades, á posibilidade de seguir investigando grazas á comparación de información ou fontes de referencia que brinda, ademais da atención á diversidade a través dunha ampla batería de actividades. A modo de conclusión, podemos afirmar que o obxectivo da selección de materiais e recursos curriculares é dar resposta efectiva ás necesidades xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico que pretendemos levar á práctica. Entre eles están:

- Para os libros de texto os acordados na CCP do curso 2021-2022 son:
 - Conta con recursos dixitais motivadores, intuitivos, accesibles actuais: vídeos, actividades interactivas...
 - Fomenta/permite o traballo cooperativo.
 - Establece rutinas de pensamento.
 - Favorece a coeducación.
 - Presenta unha gradación dos contidos partindo dun nivel básico.
 - Combina imaxes reais con debuxos. Que nas imaxes aparezan homes e mulleres realizando tarefas non estereotipadas.
 - A súa proposta metodolóxica inclúe esquemas e resumos que facilitan as explicacións.
 - Ten unha estrutura clara que facilite o seu manexo.
 - Os contidos son expresados con claridade.
 - As lecturas son de autores/as representativos da literatura universal.
 - O libro de Lingua Galega que potencie as creacións literarias galegas e as diferentes representacións da nosa cultura.
 - Achega material complementario e manipulativo de Reforzo e Ampliación.

- Inclúe propostas de traballo por proxectos.
- Aborda diferentes técnicas de estudo.
- As lecturas son adaptadas ao nivel lector do alumnado.
- Presenta un enfoque competencial dos contidos e actividades.
- Contén vídeo, audios e actividades interactivas motivadoras e de calidade
- Presenta calidade musical.
- Contén variedade, calidade e cantidade de recursos para o profesorado.
- Presenta variedade, calidade e cantidade de recursos de avaliación.
- Inclúe a proposta dixital na súa metodoloxía.
 - A plataforma dixital da editorial é atractiva, accesible, intuitiva e os materiais están actualizados e permiten o seguimento do alumnado con feedback.
 - As actividades interactivas son variadas, motivadoras, significativas e adaptadas á idade e aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
 - Ofrece recursos para a avaliación e a autoavaliación.
 - Acceso ás claves do alumnado durante a vixencia das licenzas dos libros.
- Para outros materiais e recursos impresos:
 - Parten dos coñecementos previos do alumnado.
 - Aseguran a realización de aprendizaxes significativas.
 - Despertan a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
 - Potencian o uso das técnicas de traballo intelectual.
 - Permiten a atención á diversidade.
 - Recorre suficientemente á información gráfica mediante esquemas, táboas, gráficos, mapas, debuxos, viñetas, fotografías etc.
 - Materiais manipulativos:
 - Están adaptados ás Normas de Seguridade Europeas.
 - As reproducións axústanse a modelos reais.
 - Integran aspectos lúdicos e educativos.
 - Materiais audiovisuais e tecnolóxicos:
 - As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
 - A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
 - A linguaxe e a imaxe están adaptados ao nivel.
 - As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ás aprendizaxes.
 - Son seguros e avalados polo Plan de dixitalización da Consellería.
- Ademais do anteriormente exposto, á hora de elixir os materiais dirixidos ao alumnado tamén se deben ter en conta estes criterios:
 - Que non sexan discriminatorios.
 - Que permitan un uso comunitario destes.
 - Que non degraden o ambiente.
 - Empregar materiais de baixo custo para fomentar hábitos de aforro e de reciclaxe.
 - Que sexan apropiados ao alumnado ao que van dirixidos.
 - Que sexan resistentes e duradeiros.
 - Que sexan atractivos e que motiven o alumnado, favorecendo a aprendizaxe.
 - Que sexan favorecedores do desenvolvemento das capacidades das distintas áreas.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Este apartado non procede nesta etapa.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Un dos principios do noso centro é a formación integral do alumnado.

Entendemos que para acadar ese obxectivo débense ter en conta conceptos, campos e intereses que van máis alá da aula, dos libros de texto, das tarefas e do currículo.

Interézanos preparar aos nosos alumnos e alumnas intelectualmente, pero tamén para o lecer, para as relacións cos demais, para saber adaptarse a situacións novas e cambiantes, a distintas persoas e a grupos diferentes; e queremos que desenvolvan a creatividade, actitude crítica e criterio propio, a iniciativa e habilidades sociais e persoais.

Desde o enfoque das Competencias, debemos traballar os contidos en situacións reais e auténticas, é dicir, naqueles contextos nos que se xeran os problemas ou cuestións que formula a vida real, en contextos reais de aprendizaxe.

Entendemos que as actividades extracurriculares deben cubrir distintos ámbitos xerais: comunicación, lectura e idiomas, desenvolvemento artístico, a actividade física e o deporte, uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, desenvolvemento das habilidades persoais, coñecemento e respecto ao patrimonio natural e cultural e os principios do desenvolvemento sostible, educación para o convivencia...

Por todo isto, para o noso Centro as actividades extraescolares e complementarias xogan un papel primordial para acadar esa educación integral á que aspiramos.

A través das actividades complementarias o alumnado:

- Adquire coñecementos de forma vivencial.
 - Desenvolve actitudes positivas (de pertenza a un grupo, de satisfacción polo enriquecemento persoal...).
 - Adquire maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre.
 - Favorece a autoestima do alumnado con baixo rendemento académico posto que se lle dá a oportunidade de destacar noutros ámbitos.
 - Coñece e respecta as normas de comportamento en visitas, asistencia a concertos, obras teatrais, museos..
 - Desenvolve as súas habilidades sociais e de comunicación.
 - Exerce a práctica da dimensión máis lúdica do ensino.
 - Vese favorecido pola igualdade de oportunidades.

Por outro lado, a xestión, organización e realización das actividades complementarias involucra a toda a Comunidade Educativa e favorece a participación de todos e todas no proceso de aprendizaxe.

Para a selección e organización das actividades complementarias teranse en conta os seguintes criterios :

- Dar relevancia ás saídas á contorna, que lle permiten ao alumnado investigar e descubrir a realidade próxima.
- Coherencia da saída ou actividade co desenvolvemento curricular.
- A motivación.

- A finalidade educativa da actividade.
 - A adecuación cos obxectivos e contidos programados para a secuencia didáctica traballada.
 - O grao de conexión co obxecto de estudo.
 - Que favoreza a integración de contidos.
 - Que potencie o traballo cooperativo.
 - Que poña en valor algunhas tradicións da zona.
 - Que propicien a cooperación entre niveis.
 - Estar abertos á oferta de propostas externas que poñan énfase nos desenvolvementos curriculares. O oferta pode ser excesiva e o tempo limitado polo que o equipo docente deberá ter en conta a relación das actividades propostas coas programacións didácticas e a funcionalidade en relación coas aprendizaxes e o grao de contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave.
 - Que propicien a convivencia e as relacións persoais, promovendo diferentes tipos de agrupamentos, segundo as características da actividade.
 - A experiencia das actividades realizadas en cursos anteriores.
 - Os aspectos lúdicos que poidan favorecer a convivencia e a cohesión do grupo.
 - O equilibrio na variedade de temas ao longo do curso escolar.
 - A non repetición de actividades en Educación Infantil e Primaria (establecemento dun calendario)
 - A viabilidade respecto a cuestión económicas e de duración.
 - Aínda que non sexa un factor determinante para a elección dunha actividade, o feito de ser desenvolvida en galego pode ser de interese engadido. A ser posible poderíase solicitar que unha actividade determinada, en principio deseñada en castelán, se leve a cabo en galego. Os mestres e mestras traballarán na aula aspectos a ter en conta para o aproveitamento da actividade: respecto, comportamento, atención e goce por un lado; aspectos académicos e de currículo por outro.
- Farase sempre unha avaliación da actividade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Este apartado, atendendo á orde de avaliación vixente, non procede en primaria.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Tal e como dispón o artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado: “Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.”

FASES PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO:

1. Fase diagnóstica: (mes de xuño)

Na última sesión de avaliación de cada ciclo e dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesorado titor, atendendo ao exposto sobre Promoción na Orde de Avaliación en Educación

Primaria, adoptará as decisións sobre a permanencia ou non no mesmo curso do alumnado que, por presentar dificultades e problemas na aprendizaxe, vai permanecer no mesmo nivel outro ano máis.

A Orientadora do centro, avaliará as posibles causas do atraso escolar que servirán de base para o deseño do Plan Específico de Reforzo o vindeiro curso.

2. Fase de Inicio: (setembro - outubro)

Nesta fase o profesorado titor e os mestres/as que interveñen na aula, coordinados pola Orientadora do centro, deseñarán e iniciarán a aplicación do Plan Específico de Reforzo para cada alumna/o, en función das necesidades que presente, non só académicas, senón tamén emocionais, sociais ou doutra índole e planificaranse as actuacións e recursos ordinarios para a atención do alumnado que participa no devandito programa.

3. Fase de seguimento: (resto do curso)

Mensualmente, nas reunións ordinarias do equipo de ciclo realizarase un seguimento do grao de consecución do Plan Específico de Reforzo e incorporaranse cantas modificacións e melloras se consideren oportunas. As decisións destas revisións do grao de cumprimento do Plan e das modificacións incorporadas, deberán quedar reflectidas dentro do apartado correspondente ao seguimento do Plan.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

4. Fase final ou avaliación: (maio - xuño)

Os indicadores da valoración constrúense tendo en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

- Progreso nos resultados das avaliacións: número de áreas con cualificación global positiva conseguidas polo alumnado con respecto á avaliación do curso anterior.
- Autoestima e confianza en si mesma/o.
- Relación do alumnado e as súas familias co centro e coas mestras e mestres.
- Integración social, relacións cos compañeiros e compañeiras.

5. Fase de revisión (primeiro trimestre curso seguinte)

Para coñecer a eficacia do programa farase o seguimento do alumnado no curso seguinte.

No caso de 6º de Educación Primaria achegaranse os resultados das actuacións do programa ao informe de aprendizaxe para que no centro de Educación Secundaria poida continuar a súa aprendizaxe sen dificultades.

CRITERIOS XERAIS PARA A SÚA ELABORACIÓN:

Coñecer a situación de cada un/nha dos alumnos/as que repita nivel para así poder abordalas dunha maneira máis individualizada e prestarlle a axuda necesaria a cadaquén, segundo o que precise.

Identificar os motivos que causaron os resultados negativos, sexan de carácter académico (contidos básicos non aprendidos, capacidades non desenvolvidas, técnicas non afianzadas...), de carácter actitudinal (falta de rutinas, organización, interese e motivación, fallo nas técnicas de estudo...) ou emocional (falta de autoestima, abandono, estrés, bloqueo, exceso de esixencia ou perfeccionismo, desinterese da familia...) e tratar de deseñar estratexias para paliar as carencias atopadas.

Levar á práctica estratexias organizativas e de funcionamento de traballo coordinado tendo en conta os diferentes recursos (espazos, tempos, profesionais participantes) que sexan necesarios co fin de alcanzar o éxito escolar do alumnado.

Centrarse na adquisición das aprendizaxes imprescindibles e técnicas instrumentais básicas que permitan ao alumnado repetidor progresar o mellor posible:

- 1.- Farase especial énfase en actividades que permitan adquirir as habilidades de lectura

comprensiva, expresión escrita e oral, conceptos e operacións matemáticas básicas e resolución de problemas, reforzando a expresión escrita e lectora en todas as áreas do currículo.

2.- Traballarase na clase de modo organizado buscando aquelas actividades que conduzan á adquisición de hábitos de traballo e estudo, incidindo no empeño de conseguir os propósitos e valorar o seu esforzo educativo.

3.- Durante o horario escolar e nas horas dedicadas ás áreas instrumentais (entendendo estas como Matemáticas, Castelán e Galego), realizaranse as actividades programadas para a consolidación dos coñecementos esenciais lingüísticos e matemáticos, graduando a súa dificultade en función do grao de adquisición das competencias claves.

Organizar as experiencias que darán lugar á adquisición das competencias claves tendo en conta tres criterios básicos:

1. A continuidade: os mesmos tipos de aprendizaxe repetiránse en forma continuada para conseguir o seu afianzamento. Este é o caso do hábito lector e operacións matemáticas.

2. Secuencia: a importancia de construír unha nova experiencia sobre o aprendido e pasar a un grao maior garante a adquisición de niveis cada vez máis complexos de habilidades.

3. A integración: o último paso, que dá lugar á unificación de criterios, coñecementos e Hábitos aprendidos polo alumnado na clase.

Levar a cabo un seguimento personalizado de cada alumno/a para comprobar a efectividade das estratexias planificadas ou a recondución das mesmas, no seu caso, durante a fase de traballo diario dentro da aula.

Establecer unha entrevista inicial coa familia na que asumirán un compromiso de colaboración.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Os criterios xerais de avaliación referentes a esta etapa están encamiñados a valorar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa. A avaliación será global, continua e formativa e farase unha valoración cualitativa do proceso de aprendizaxe, considerando os progresos.

Identificaranse as condicións iniciais individuais e o ritmo e características da evolución sendo referentes os criterios de avaliación establecidos no ciclo en cada unha das áreas.

En canto ao uso de Instrumentos de Avaliación serán variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permiten a valoración obxectiva de todos/as.

A principal técnica que se utilizará é a observación directa e sistemática, podendo utilizar outras técnicas de forma accesoria como a análise das producións, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

As persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa establecendo Indicadores de logro nas súas programacións didácticas.

A persoa titora do grupo coordinarase co Equipo Docente para realizar a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

Os documento e informes de avaliación serán: actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico, o informe final de etapa e, de ser o caso, o informe persoal por traslado.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Os criterios de Avaliación son os referentes para valorar o grao de adquisición e logro dos obxectivos das áreas de etapa.

Os referentes no caso do alumnado con ACS serán os incluídos na propia ACS sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

A avaliación será global, continua e formativa e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos da aprendizaxe.

Na avaliación continua cando o progreso non sexa axeitado, estableceranse medidas de Reforzo, en calquera momento do curso, cando se detecten dificultades co fin de garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Utilizaranse Instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan unha valoración obxectiva.

Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a propia práctica educativa establecendo os Indicadores de logro nas Programacións Didácticas.

A persoa titora do grupo coordinarase co equipo docente do grupo, nas sesións de avaliación de forma colexiada tendo en conta os criterios de promoción establecidos e considerando a información e o criterio do profesor/a- titor/a.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. En calquera caso, agás que concorran circunstancias excepcionais e previo informe motivado do departamento de Orientación desaconsellando a flexibilización, non promocionarán o alumnado con tres áreas instrumentais (Matemáticas e Linguas) non superadas, nin con catro áreas non superadas.

Cando non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso, medida de carácter excepcional tomada logo das medidas ordinarias suficientes adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades presentadas na aprendizaxe.

Organizarase un Plan Específico de Reforzo para que poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

A decisión de permanencia no mesmo curso só se poderá adoptar con carácter excepcional, unha vez durante a etapa, oídos os proxenitores/as - titores/as legais.

A promoción decídese ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º, logo do proceso de avaliación. A promoción do resto dos cursos será automática. Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º da etapa o profesor/a - titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumno e alumna, no cal indique de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou etapa seguinte.

Cada alumno ou alumna disporá dun informe final sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave, para garantir a continuidade do seu proceso de formación. As características dos informes finais de ciclo e etapa están recollidos na normativa.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

CRITERIOS XERAIS

Os equipos docentes poderán propoñer a concesión dunha mención honorífica ao alumnado que teña superado todas as áreas da etapa e obtiveran sobresaliente ao finalizar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

Os criterios a seguir serán:

- Obter nota media de 9 ou superior.
- Que en reunión do equipo docente, na que haberá de estar presente algún membro do equipo directivo, a maioría deste equipo estea de acordo en conceder esta mención.
- A proposta de «Mención honorífica» farase constar no expediente, no historial académico e na acta de avaliación.

Farase unha valoración integral das capacidades do candidato ou candidata, máis alá do estrictamente académico. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- Capacidade de empatía, así como unha actitude contraria á violencia e aos prexuízos de calquera tipo, para realizar un exercicio activo da cidadanía.
- Destrezas notables para traballar tanto de forma individual coma en equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, sentido crítico, iniciativa personal e curiosidade.
- Destrezas notables para a resolución pacífica de conflitos.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os criterios xerais para elaborar as propostas pedagóxicas da educación infantil e as programacións didácticas da educación primaria fundaméntanse nos acordos previos tomados tendo en conta as nosas liñas xerais de actuación pedagóxica, os obxectivos propios para a mellora do rendemento escolar, a forma de atención á diversidade e á concreción dos elementos do currículo. Estes criterios foron elaborados tendo en conta as achegas do Claustro e agrúpanse en diferentes aspectos:

Contexto do Centro

- A primeira premisa na programación debe ser a súa utilidade. Non se converterán nun mero trámite. Deben ser instrumentos útiles para un ensino e unha aprendizaxe de calidade.
- Realizaranse en equipo. O traballo repartirase entre os compoñentes do Equipo Docente ou de Ciclo, incluíndo as distintas medidas de atención á diversidade que se puidesen levar a cabo.
- Guiaranse por criterios selectivos de aprendizaxes verdadeiramente relevantes e imprescindibles.
- Atenderán ás necesidades detectadas nas probas de avaliación de diagnóstico e terán en conta a Atención á Diversidade
- O Plan de Acción Titorial será o referente para o desenvolvemento dalgúns obxectivos recollidos nas programacións. En relación aos obxectivos:
 - Aparecerán os obxectivos xerais para cada unha das áreas
 - Terán en conta os obxectivos didácticos.
 - Os obxectivos adaptaranse e darán preferencia a paliar as necesidades e carencias detectadas.
 - Aparecerán os obxectivos educativos do Plan de Centro, recollendo todo o acordado en Claustro ao respecto.
 - Atenderán ás necesidades do alumnado, ao seu contexto e características xerais
 - Tomarase como punto de partida os coñecementos previos do alumnado
 - Recollerán os obxectivos, contidos e a súa distribución temporal por unidades didácticas adaptados ás características do centro en relación aos contidos
 - Débense seleccionar, de forma coherente e interdisciplinar, as aprendizaxes verdadeiramente relevantes e imprescindibles, facendo especial fincapé na comprensión e expresión oral e escrita (fomento da lectura), e o razoamento práctico lóxico-matemático, en cada unha das áreas; no tratamento das tecnoloxías da información e comunicación, especialmente, no terceiro ciclo de primaria; así como, na educación en valores (Cultura galega, educación moral e cívica, educación para a paz e a convivencia, coeducación, educación ambiental, educación do consumidor, educación viaria, educación para a saúde), que teña relación cos distintos plans e programas que se estean a desenvolver no centro. Así mesmo, estas aprendizaxes deben recoller a súa contribución á adquisición das competencias claves.

- Aparecerá unha secuenciación e temporalización estable dos contidos principais por niveis: todo o profesorado do mesmo nivel procurará traballar a mesma unidade ao mesmo tempo.
 - Establecerán relacións entre as distintas áreas e materias.
 - Procurarase, así mesmo, establecer relacións entre áreas e os distintos programas que se desenvolvan no centro
 - Incorporaranse os contidos transversais e a educación en valores.
 - Programaranse Unidades Didácticas concretas relacionadas coa Cultura Galega.
- En relación á metodoloxía e a adquisición de competencias claves:

- Organizar as áreas arredor de centros de interese, partindo do que rodea o alumnado e que sexa próxima e suxestiva.
- Promover a aprendizaxe significativa (contidos novos acompañados dos enlaces e instrumentos necesarios os conecte con outros xa adquiridos)
- Establecer mecanismos de coordinación entre os distintos ciclos.
- Introducir a lectura, a expresión oral, o razoamento práctico lóxico-matemático en cada unha das áreas. As linguas, dado o seu carácter instrumental para a adquisición doutros coñecementos, recibirán unha especial consideración no horario do centro. Así, as programacións sempre incluírán:
 - Actividades de escritura, lectura e expresión oral.
 - Polo menos vinte minutos diarios de lectura.
 - Pautas xerais de escritura.
 - Estratexias e pautas para a resolución de problemas contextualizados e reais.
 - Tarefas para desenvolver as competencias claves: resolver unha situación-problema e teñen utilidade práctica. Afectan a contidos de distintas áreas e están contextualizada.
 - Estratexias para o traballo cooperativo.
 - Medidas de atención á diversidade.

En relación aos recursos e materiais:

- Os equipos docentes organizarán o espazo e o tempo, así como as actividades e os recursos dispoñibles, necesarios para o desenvolvemento das programacións.
- Estableceranse os criterios para unha selección de materiais curriculares de calidade.
- Crearase unha relación con recursos e materiais curriculares.
- Recóllese o emprego da Biblioteca Escolar e cantas dependencias sexan precisas para o desenvolvemento das distintas actividades.

En relación á avaliación e os seus criterios:

- Cando se están facendo as programacións, non podemos perder de vista que avaliar. Debemos seleccionar os criterios que nos van servir para avaliar o noso alumnado, rexernos por un sistema de cualificación claro, ao mesmo tempo que os criterios de promoción para o alumnado que cambia de ciclo/etapa, e incluílos nas nosas programacións.

• Inclúiranse os acordos e estratexias para a avaliación inicial

CRITERIOS PARA ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓNS POR ÁREAS:

Lingua e Literatura

- As programacións deben incluír actividades de lectura e comprensión lectora de diferentes tipos de textos literarios.
- Deben facerse actividades que axuden a mellorar a expresión oral e a avaliación do correcto uso da lingua falada.
- Deben estimar o uso da biblioteca de Centro como recurso, polo menos unha hora semanal.

- Deben contribuir á realización de actividades de mellora de ortografía.
- Deben avaliar aspectos formais como a presentación dos traballos e os cadernos, así como unha boa caligrafía.

Matemáticas:

- As programacións deben incluír actividades de lectura e comprensión de enunciados de problemas.
- Deben incluírse actividades que favorezan o cálculo mental.
- Débese propiciar que as aprendizaxes se poidan aplicar a situacións da vida cotiá.
- Deben recoller operacións de cálculo ao longo de todo o curso.
- O alumnado debe adquirir unha linguaxe matemática de forma progresiva ao longo da etapa.
- Deben recollerse actividades de xeometría, así como de interpretación e elaboración de gráficas.
- Debe estimularse o gusto polas matemáticas, e que o alumnado perda o medo e rexeitamento que adoita presentarse nesta disciplina.

Ciencias Naturais e Sociais:

- As programacións deben incluír actividades de lectura e comprensión lectora de textos científicos.
- Deben ter en conta o aspecto práctico dos contidos a través da experimentación.
- Deben ter en conta, na medida do posible, o contorno máis inmediato.
- Deben ser especialmente flexibles, isto é, que permitan incluír os aspectos máis transversais do currículo.
- Deben propiciar que os novos contidos se integren cos coñecementos previos.
- Deben recoller o uso de diversos medios de busca e expresión, tales como consultas por Internet, uso de enciclopedias, wikipedias, etc.

Lingua Estranxeira, Inglés:

- As programacións deben incluír actividades de lectura e comprensión lectora de textos escritos en inglés.
- Deben favorecer actividades de aspecto comunicativo: Comprender e producir.
- Deben acercarlle ao alumnado a cultura anglosaxona.

Educación Física:

- As programacións poderán incluír actividades de lectura e comprensión lectora de textos de vida saudable, normas de xogos, técnicas deportivas.
- Deben incluír actividades que melloren a condición física do alumnado, desenvolvan hábitos de vida saudables (alimentación adecuada no recreo, hixiene bucal tralo almorzo, aseo trala actividade deportiva) e optimicen a convivencia entre o alumnado desenvolvendo valores de respecto aos demais e coeducación.
- Débese propiciar que as aprendizaxes se poidan aplicar a situacións da vida cotiá.

Música e Danza e Educación visual e plástica:

- As programacións deben incluír actividades de lectura e comprensión lectora de textos culturais (biografías de autores, pezas teatrais, cancións,...)
- Deben incluír actividades que propicien a creatividade, o uso de diversos medios de expresión e o gusto pola tarefa ben feita.
- Deben acercarlle ao alumnado a cultura, a través da diferentes estratexias.

- Deben recoller o uso de diversos medios de investigación, tales como visitas virtuais a museos, concertos, ...

CRITERIOS XERAIS PARA ELABORAR AS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DA EDUCACIÓN INFANTIL
Antes de empezar a programar débense tomar decisións xerais que servirán de punto de partida.

As propostas pedagóxicas no SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL respectarán as características propias do crecemento dos/as nenos/as e das súas capacidades e posibilidades de aprendizaxe. Estas serán elaboradas polo Equipo docente e poderanse actualizar ou modificar, se é o caso, tralos procesos de autoavaliación.

Cando programamos estamos facendo unha hipótese do que queremos traballar. Cómpre, por tanto, ser flexibles para poder adaptar o programado ás diferentes situacións educativas.

As propostas pedagóxicas incluirán:

- A concreción do currículo en unidades de programación integradoras para cada curso.
- A forma en que se incorporan os contidos de carácter transversal ao currículo. Debido ao carácter propio deste ciclo, os contidos elaboraranse por medio de actividades globalizadas de interese e significado para o neno/a.
 - A metodoloxía que se vai aplicar, deseñando situacións de aprendizaxe variadas nas que o neno/a se implique activamente e lle sirvan para adquirir novos coñecementos.
 - As medidas de atención individualizada e de atención á diversidade.
 - O deseño e a organización dos espazos individuais e colectivos, que posibiliten a súa necesidade de movementos, propicien unha actividade creadora que favoreza, non só a adquisición de coñecementos, senón o desenvolvemento da súa independencia e autonomía.
 - A distribución do tempo.
 - A selección e organización dos recursos didácticos e materiais, que potencien a creatividade, a experimentación, a investigación e o descubrimento.
 - Os procedementos de avaliación do alumnado en consonancia coas orientacións metodolóxicas e as medidas para avaliar toda a práctica docente.
 - As actuacións previstas para a colaboración permanente coas familias.
 - As pautas para a coordinación dos distintos profesionais que interveñen no centro.

As programacións didácticas da educación infantil que desenvolven e contextualizan as prescricións da Administración, tendo en conta as peculiaridades de cada centro, supoñen o segundo nivel de concreción do currículo. Os seus elementos básicos son:

Directrices e decisións xerais. Entre elas, a adecuación dos obxectivos xerais da etapa, principios didácticos, orientacións sobre os contidos de carácter común-transversal e criterios para organizar a atención á diversidade do alumnado.

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
- d) Metodoloxía. – Concrecións metodolóxicas. – Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación. – Procedemento para a avaliación inicial. – Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
- f) Medidas de atención á diversidade

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA A VALORAR EN ESCALA Si/Non

- Defínense os indicadores de logro.
 - Deséñase a avaliación inicial e defíñense as consecuencias dos seus resultados.
 - Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos e alumnas:
 - Recollen as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
 - Defínense adaptacións curriculares significativas de áreas ou materias para o alumnado que tivese autorizada a dita medida específica extraordinaria.
 - Defínense programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe.
 - Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación propostos ao alumnado.
 - Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita.
 - Considéranse medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
 - Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.
 - Vincúlense as unidades de programación con situacións reais, significativas, funcionais e motivantes para o alumnado.
 - Identifícase en cada instrumento de avaliación a súa vinculación.
 - Utilízanse procedementos e instrumentos de avaliación variados.
 - Infórmase ás familias e ao alumnado dos procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación
 - Realízase unha análise técnica-normativa dos recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado.
 - Realízase unha análise dos resultados das avaliacións individualizadas do alumnado
 - Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas
 - Actividades extraescolares e complementarias.
 - Tratamento preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación.
- Tanto en Educación Infantil como en Educación en Primaria o equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada. Este seguimento levarase a cabo na aplicación PROENS.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Da análise da situación do centro e das necesidades do noso alumnado, xorde a necesidade de poñer en marcha novas prácticas educativas que vaian en consonancia cos cambios da sociedade actual e coas recentes modificacións legislativas.

Por esa razón o centro mostra a súa predisposición en participar en proxectos, plans e programas que contribúan á mellora da calidade da ensinanza e que permitan ao alumnado desenvolver todas as competencias.

Para a participación do centro en proxectos, plans e programas valoraranse principalmente, os seguintes criterios:

- Que impliquen a maioría do alumnado, para fomentar a cooperación entre distintas etapas e niveis e reforzar así o sentido de comunidade escolar.
- Que partan dos intereses do alumnado e que teñan relación coa contorna do centro, para

que sexan máis motivadores para o alumnado.

- Que sexan propostos pola CCP e que se acorde á participación pola maioría do Claustro ou do Ciclo, de ser o caso, para promover a coordinación e a implicación do profesorado.
- Que a participación do centro nestes proxectos, plans e programas non supoña unha sobrecarga para o alumnado e profesorado, que interfira coas actividades diarias do centro.
- Darase prioridade aos proxectos convocados pola Consellería de Educación.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Corresponde á CCP revisar, avaliar e modificar esta concreción curricular. Este procedemento realizarase, como mínimo, cada dous anos. Tras a análise do documento, a CCP propondrá as modificacións necesarias.

o) Outros apartados

1. Data de revisión

Como se establece no procedemento de revisión e actualización da concreción exposta, ésta será revisada cada 2 cursos, ou cando a actualización legislativa así o determine, por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro e ratificada polo Claustro en reunión establecida para o mesmo.

Polo tanto esta concreción curricular aprobada o día 27 de novembro de 2023 deberá ser revisada e actualizada no curso 2025/2026.